

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Escenificación
DISCIPLINA	Escenificación I
TITULACIÓN	Título Superior de Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica e Dramaturxia
CURSO	1º
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADORA	Carmen Labella Rivas
DOCENTE	Nome e apelidos: Carmen Labella Despacho: Departamento de Dirección escénica e dramaturxia Contacto: carmenlabella@edu.xunta.es
DESCRIBIÓN	Principios xerais da escenificación. Estudo da concepción, desenvolvemento e evolución do espectáculo. Análise da situación, do personaxe e da escena. Creación e análise do texto espectacular.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se requiren.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía pertinente.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Valorar o traballo de posta en escena como un proceso metodolóxico estruturado en función dunha concepción concreta de escenificación.		T3, T14, X4, ED3
2. Coñecer o concepto de posta en escena: fundamentos, obxectivos e función.		T2, T14, X1
3. Analizar as diferentes formulacións ao redor das relacións entre texto e escenificación.		T2, T14, X1, ED5
4. Investigar os factores sociais, estéticos e literarios que sustentan a historia do feito teatral e a dirección de escena. Percepción contextual da posta en escena e da súa función estética e social.		T14, X1, X7, ED5
5. Determinar unha posible lectura dun texto dramático utilizando a hermenéutica. Aprender a definir a estética e a estilística que guiará o proceso de escenificación.		X1, ED1, ED3
6. Selección, organización, interpretación e adaptación creativa de material documental en función dunha idea dramática.		T1, T2, T14, ED3
7. Establecer unha metodoloxía para realizar unha posta en escena. Coñecemento e aplicación de procedementos metodolóxicos para elaborar un proxecto escénico a partir dun texto, desde a súa concepción ata o inicio dos ensaios.		T1, T14, X3, X6, ED3
8. Articulación dos elementos significativos da posta en escena partindo dunha cimentación previa. Experimentación e investigación para chegar á síntese escénica.		T14, X1, X6, ED3, ED5
9. Desenvolver a capacidade para traballar de forma efectiva en cooperación con outros e coordinar equipos.		T1, T3, X3, X7, ED3
10. Demostrar, desde a perspectiva do director de escena considerado como creador autónomo, a capacidade imaxinativa, creativa, e reflexiva propia da súa especialidade.		T3, X1, X3, X7, ED5
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Representación, posta en escena e dirección de escena.	1.1. Posta en escena normativa e posta en escena contemporánea. 1.2. O oficio da dirección. 1.3. Antecedentes Históricos	9
2. O texto dramático e a posta en escena.	2.1. Relacións entre texto e representación 2.2. Elección do texto. 2.3. Do texto ao espectáculo.	4
3. Etapas da posta en escena.	3.1. Concepto e metodoloxía do traballo dramático. 3.2. Fase de información e documentación.	2
4. Estudo do texto. Análise da situación, do personaxe e da escena.	4.1. Estudo sincrónico do texto e as súas implicacións teatrais orixinarias. 4.2. Proxección escénica do texto.	6
5. Creación e análise do texto espectacular.	5.1. Lectura concreta e contemporánea do texto. 5.2. Intervención sobre o texto. 5.2. Elección estética e estilística da posta en escena.	8
6. Sistemas de escenificación teatral e narrativa escénica.	6.1. Repartición. Planificación traballo cos actores. 6.2. Espazo escénico: espazo da acción e espazo arquitectónico.	35

	6.3. Concepto e significación do vestiario. 6.4. Dramaturxia da luz. 6.5. O mundo dos obxectos. Mobiliario. Uteiría. 6.6. Medios audiovisuais.	
7. A composición. O movemento escénico.	7.1. A determinación do movemento. 7.2. Principios xerais do movemento. 7.3. Entradas, saídas, cruces e desprazamentos.	10
8. Dos ensaios á estrea.		3
9. O libro de dirección.		3
TOTAL SESIÓNS		90

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	3	0	3
Exposición maxistral	25	5	30
Exposición práctico-teórica	18	0	18
Práctica individual	14	22	36
Práctica colectiva	10	0	10
Titorías individuais	12	5	17
Titorías de grupo	5	3	8
Actividades de avaliación. Probas	3	23	28
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	7	25	27
Actividades de avaliación. Revisión	3	0	3
TOTAL	100h	75h	180h
PORCENTAXE	55%	45%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
1. Exposicións teóricas	Exposición docente. Implica a programación de actividades a partir da exposición teórica.
2. Visionado de vídeos	Realización de análises críticas e estudos comparativos a partir de textos teóricos, memorías, libros de dirección, notas de postas en escena e vídeos de escenificacións.
3. Lectura de textos	
4. Debates	Formulación, fase de traballo en equipo, guión e celebración do debate.
5. Proxectos de traballo	Implica actividades de procura, actividades de xestión da información e actividades de comunicación na súa posta en común e defensa.
6. Prácticas escénicas	Quedando supeditada a análise teórica aos elementos desenvolvidos desde a acción.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo una análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do modo mais axeitado.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquietudes que xurdan en cada caso.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN
8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo proxecto escénico	T2, T14, X6, ED1, ED3, ED5	25%
Exercicios orais. Exposicións	T2,T3,T14,X1,X6,ED5	10%
Proba escrita	T2,T14,T17,X6,ED3	40%
Prácticas de escenificación	T1,T3,T14,X1,X3,X6,ED1	25%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito e defensa oral	T1,T2,T14,X1,X6,ED5	35%
Proba escrita	T2,T14,T17,X6,ED3	35%
Prácticas de escenificación	T1,T3,T14,X1,X3,X6,ED1	30%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito e defensa oral	T1,T2,T14,X1,X6,ED5	35%
Proba escrita	T2,T14,T17,X6,ED3	35%
Prácticas de escenificación	T1,T3,T14,X1,X3,X6,ED1	30%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Manual básico da materia

- HORMIGÓN, Juan Antonio: Trabajo dramático y puesta en escena. Madrid, ADE, 2002.
- MARTÍNEZ, Agapito: Cuadernos de dirección teatral. Ciudad Real, Ñaque, 2006.
- PAVIS, Patrice: El análisis de los espectáculos. Barcelona, Paidós, 2000.

Referencias complementarias

- CANFIELD, Curtis: El arte de la dirección escénica. Madrid, ADE, 1995.
- CÁRDENAS, Giraldo: Cómo dirigir teatro. Madrid, Coacum, 2004.
- CEBALLOS, Edgar (ed.): Principios de dirección escénica. México, Escenología, 1992.
- CLURMAN, Harold: La dirección teatral: Notas sobre la puesta en escena. Buenos Aires, Grupo Editorial Latinoamericano, 1990.
- HEFFNER, Hubert; SELDEN, Samuel y SELLMAN, Hunton: Técnica teatral moderna. Buenos Aires, Eudeba, 1980.

10. OBSERVACIÓN / RECOMENDACIONES

1. Nas exposicións e traballos escritos terase en conta a asimilación do coñecemento, a adecuación da linguaxe, a capacidade investigadora e de análise e a expresión de puntos de vista persoais.
2. Nas prácticas escénicas valorarase positivamente o resultado artístico e a súa evolución, o uso dos coñecementos adquiridos e a correspondencia entre fundamento e práctica.
3. Para obter unha cualificación global positiva, deberán aprobar (5 ou máis) todas e cada unha das actividades de avaliación recollidas neste programa. No caso de que un/a estudante suspenda unha ou máis actividades e a media da nota fose superior a 5, a disciplina considérase suspensa e a cualificación que figurará na acta será de 4,9.
4. A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta disciplina supoñerá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.
5. A asistencia a titorías será pactada previamente entre estudante e docente, de forma persoal ou a través de email, co fin de acordar: tema, medio e día e hora do encontro.
6. É imprescindible que o alumnado da convocatoria extraordinaria contacte previamente á preparación da avaliación coa docente para a asignación ou pacto do texto para o proxecto escénico e información dos exercicios concretos a realizar.
7. O alumnado que se presente ás convocatorias ordinaria ou extraordinaria terá que contactar previamente coa profesora co fin de organizar próbalas pertinentes.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación sufrirá as modificacións derivadas da necesidade de articular unha avaliación non presencial. **A avaliación excepcional será moi parecida á avaliación ordinaria** (apartado 8.1 deste programa) **coa particularidade de que todas as prácticas de escenificación serán propostas escénicas gravadas, exercicios sonoros e audiovisuais e/ou curtametraxes**. A supervisión docente das actividades será mediante os mecanismos de comunicación a distancia oportunos.

Avaliación excepcional		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo proxecto escénico.	T2, T14, X6, ED1, ED3, ED5	40%
Defensa oral do Proxecto.	T2,T3,T14,X1,X6,ED5	20%
Fundamentacións das prácticas.	T2,T14,T17,X6,ED3	10%
Prácticas de escenificación gravadas.	T1,T3,T14,X1,X3,X6,ED1	30%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, a profesora combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓN S QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).